



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DA TRAXEDIA PROVOCADA POLA DANA

Tras os graves feitos acontecidos como consecuencia da DANA que afectaron a varias comunidades autónomas españolas, o Concello de Ferrol manifesta o seu pesar pola traxedia e transmite a súa solidariedade e afecto ás familias das persoas que perderon a vida, que teñen algún familiar desaparecido ou que sufriron as consecuencias de este terrible suceso.

Desde o Concello de Ferrol trasladamos o noso cariño aos feridos e ás súas familias, esperando unha pronta recuperación para todos eles e lamentando os danos materiais causados.

Desde o primeiro momento, o Concello de Ferrol facilitou á cidadanía as canles e dispositivos habilitados para facer chegar as axudas de particulares, tan necesarias nas horas seguintes á catástrofe ambiental e humanitaria.

Asimismo, o Concello respaldou a iniciativa dos efectivos de bombeiros e Protección Civil para integrarse no convoi de seguridade que xa se está a desplegar na área afectada pola dana.

Desde o Concello de Ferrol queremos trasladar a nosa admiración e recoñecemento a todas as persoas voluntarias e a todas as entidades da cidade que estos días volcáronse en axudar e aportar materiais amosando a súa solidariedade. Tamén destacar o esforzo que están a facer todos os profesionais que traballan para dar resposta a esta emerxencia: forzas e corpos de seguridade do Estado, forzas armadas bombeiros, axentes forestais, servizos de emerxencias, ONG, traballadores dos distintos concellos e comunidades autónomas.

Trátase dunha traxedia que sentimos preto de nós, por iso o Concello de Ferrol como representante da sociedade ferrolá, rexeita calqueira acto de violencia e desorden público acontecidos nestes días e amosa a súa vontade e o seu compromiso de colaborar nas solucións e contribuír á



recuperación das zonas afectadas e devolver a normalidade á vida dos afectados.